

**DÍA MUNDIAL DO ICTUS** Cada cuarto de hora un galego sofre un accidente cerebrovascular pero a comunidade só conta cun servizo de atención específico, o do Hospital Clínico compostelán

## "EN GALIZA FALTAN UNIDADES"

É A PRIMEIRA CAUSA DE MORTE NA MULLER E A SEGUNDA NO HOME E DEIXOU XA 500.000 DEPENDENTES NO PAÍS

Marga Tojo · Santiago

O cerebro é, aínda que ás veces non o pareza, o órgano máis esixente do corpo humano. Só pesa un kilo e medio pero necesita a quinta parte do volume de sangue que sae do corazón. Ademais, ao contrario que outros órganos, non ten capacidade para almacenar. Se por calquera circunstancia durante un segundo deixa de recibir sangue, prodúcese un ataque.

En Galiza calcúlase que isto ocorre cada cuarto de hora, polo que é probable que neste preciso instante unha muller ou un home dunha aldea ou dunha cidade a poucos quilómetros de nós estea a sufrir un accidente cerebrovascular que cambiará para sempre a súa vida. Pero a comunidade só conta cunha Unidade do Ictus, a do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), que coordina o doutor José Castillo, unha das mellores do Estado, mais incapaz de atender a totalidade da poboación galega, dado que o tempo de actuación é absolutamente determinante—as tres primeiras horas son cruciais—e que a incidencia non parou de medrar nas últimas décadas. Os accidentes cerebrovasculares son xa a primeira causa de morte en mulleres e segunda en homes (a carón das patoloxías cardiovasculares) e causan o falecemento de arredor de 3.000 galegos cada ano. Ademais, dáse a circunstancia de que Galiza e o norte de Portugal duplican a incidencia con respecto a España, en virtude de dúas características poboacionais, a lonxevidade e a maior hipertensión arterial, ligada ao excesivo consumo de sal, sobre todo coa carne de porco. De modo que se o home ou a muller que neste instante sofren o ictus habitan, por exemplo, no Barco de Valdeorras, en Marín, ou na Mariña lucense a súa esperanza de vida e a súa recuperación poderían verse seriamente limitadas.

Por que? Cal é a diferenza entre unha e outra atencións? A Unidade axiliza os procesos, para o que existe un protocolo entre médicos do hospital e servizo de urxencias de forma que cada vez que o 061 detecta un caso de ataque cerebral activa a alerta. Inmediatamente un neurólogo do CHUS, que recibe dous novos ingresos cada día—prepara todo e espera ao paciente. Unha vez chega ao hospital xa está todo listo para facelle as probas necesarias e iniciar o tratamento. Pola contra, en calquera outro centro, o enfer-



O neurólogo do Chus Miguel Banco durante unha conferencia ofrecida onte no Centro Sociocultural Fontiñas

### A CERMA

#### Cos 5 síntomas chame ao 061

- Intensa dor de cabeza
- Alteración brusca da visión
- Dificultade para falar
- Alteración da sensibilidade facial, de brazo ou de perna
- Perda de equilibrio

En caso de presentar estes síntomas, cómpre chamar inmediatamente ao 061. Este realiza un breve test telefónico que confirma a doenza e activa o protocolo.

### O DATO

#### Os malos hábitos soben un 50% o infarto cerebral en mozos

Pódese prever? En realidade si. Un neurólogo nos anos 50 xa dixo que, se toda a poboación tivese a tensión por baixo de 12/8, non existirían os ictus. Non é verdade ao cento por cento, pero se non houberse hipertensión arterial o risco de ter ictus sería mil veces menor.

O caso é que lonxe de mellorar, a situación empeora e o modelo occidental incorpora novos pacientes: A carón do incremento de casos polo envellecemento poboacional, os menores de 50 anos

non entra por urxencias, non existe un despregamento previo e isto provoca que tanto o diagnóstico como o tratamento sexan máis lentos. "Aquí temos a fortuna de que funcione un dos mellores sistemas de emerxencia, o 061—explica o doutor Miguel Banco, neurólogo do CHUS e membro da Sociedade Galega de Neuroloxía—, polo que é unha mágoa que non o empreguemos máis e que non se incorpore á coordinación áxil da sanidade". E, como din os neurólogos, neste caso "tempo é cerebro".

"Non é só que o alertemos nós. É que as recomendacións do Ministerio de Sanidade, que foron referen-

dadas polas consellerías, existen unha unidade do Ictus en cada provincia", un sistema organizativo para o que non son necesarios grandes investimentos económicos, senón vontade política. "O cambio de goberno deixou paradas algunhas cousas importantes que o bipartito tiña o compromiso de pór en marcha; unha foi esta, polo que lle demandamos á nova Xunta que lle dea prioridade—píde o neurólogo— entre outras cousas porque na comunidade hai máis de 50.000 persoas con secuelas, o que converte o ictus no primeiro motivo de dependencia ou incapacidade permanente".

que sofren infartos cerebrais aumentaron un 50 por cento nos últimos anos, debido a hábitos de vida pouco saudábeis, segundo datos da Unidade de Ictus do Hospital Vall d'Hebron de Barcelona.

O centro, que conta con esta unidade desde 2001, sinala que un 8,2 por cento de todos os ictus prodúcese en menores de 50 anos, cuxo perfil máis común é o dun home que segue pautas de dieta pouco sas, habitual do alcohol e tabaquismo, por exemplo.

Ademais, un 56 por cento dos pacientes que sufriron este accidente cerebral antes dos 50 anos morre ou padece secuelas físicas ou neurocognitivas ao cabo de dez anos. De feito, o ictus en idades novas é a principal causa de discapacidade física e neurocognitiva. A súa prevención, así como o diagnóstico precoz e tratamento son as mellores ferramentas de loita. A atención neurolóxica especializada e urxente realizada en unidades de ictus é a medida máis eficaz para reducir a mortalidade e a incapacidade asociadas ao ictus.

### TESTEMUÑO

#### A neuróloga que o padeceu

"Cada cerebro ten unha historia, e a que segue a continuación é a miña". Así comeza o libro "Un ataque de lucidez. Un viaje persoal cara á superación", da doutora en neuroanatomía, experta en accidentes cerebrovasculares que viviu en propia pel un ictus, Jill B. Taylor, cuxa edición ao castelán acaba de sacar do prelo a editorial Debate, e do que reproducimos algúns extractos polo seu enorme interese testimonial. "Hai dez anos traballaba na facultade de Medicina de Harvard como investigadora e dando clase a médicos novos sobre o cerebro humano. Pero o dez de decembro de 1996, eu mesma recibín unha lección. Unha grande hemorraxia, debido a unha malformación conxénita non diagnosticada dos vasos sanguíneos da miña cabeza, estalou inesperadamente. En certos breves instantes, cos ollos curiosos dunha neuroanatomista, vin como se deterioraba por completo a capacidade de procesar información da miña mente. Ao final, aquela mañá xa non podía andar, falar, ler, escribir nin lembrar nada da miña vida. (...) Sorte que puiden lembrar que o mellor que se pode facer cunha persoa que sofre un ictus é levala ao hospital o máis depressa posible. O proceso de chamar levome corenta e cinco minutos. Durante a seguinte oleada de lucidez (fírmerei o teléfono do meu traballo). Tiven a gran sorte de que o meu compañeiro e amigo, o doutor Stephen Vincent estivera sentado na súa mesa. Cando colleu o teléfono oíno falar, pero a miña mente non puido descubrir as súas palabras. Pensei: Dios, soa como un can de caza! Comprentín que o meu hemisferio esquerdo estaba tan lesionado que xa non podía entender a linguaxe. Pero sentín tanto alivio de conectar con outro ser humano que soltei: "Son Yil. Necesito axuda!" O que sou en realidade da miña boca era moi parecido a gruñidos e xemidos pero por sorte Steve reconeceu a miña voz. (...) Aquele mañá enroscada de forma fetal, sentín que o meu espírito se rendía á morte e desde logo nunca se me ocorreu que algún día sería capaz de lle contar a ninguén a miña historia".